

Suxestión ao Concello de Lousame para que, por parte do concello, se leven a cabo as obras necesarias no camiño que dá acceso á vivenda da reclamante para garantir o acceso rodado de todos os vehículos e a súa adecuada conservación.

Expediente: N.9.Q/11611/23

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2023.

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX, referente á falta de roza e limpeza dun camiño que fai inaccesible o acceso rodado á súa vivenda no Concello de Lousame

### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO**.- Por este mesmo motivo, iniciouse expediente de queixa N.9.Q/10622/21 no que se levaron a cabo os seguintes trámites:

1º.- Admitida a trámite a queixa presentada pola reclamante, solicitiuse información a esa Administración.

2º.- O concello remitiu informe no que, esencialmente, se pon de manifesto o seguinte:

*A vivenda encóntrase dentro do núcleo de XXX da parroquia de XXX en terreo con clasificación urbanística, dentro do PXOM de Lousame, Núcleo rural de maior diversidade NRI) Edificación Residencial nas áreas centrais (ZRI)*

2.- **ACCESOS A VIVENDA:**

*O acceso a vivenda pode realizarse por medio de 3 rutas.*

*Ruta 1:*



*Cunha anchura media de vial superior aos 2,50m, tendo no punto máis desfavorable un ancho de 2,20m.*

*A superficie do vial é de rego asfáltico.*

*Encontrándose delimitada por vivendas, peches tradicionais de pedra e peches de malla e postes de formigón.*

*Ruta 2:*

*Cunha anchura media de vial superior aos 3.00m, tendo no punto máis desfavorable un ancho de 2,55m.*

*A superficie do vial é de zoas en formigón e outras en rego asfáltico.*

*Encontrándose delimitada por vivendas e peches tradicionais de pedra.*

*Ruta 3:*

*Cunha anchura media de vial superior aos 4,00m, tendo no punto máis desfavorable un ancho de 2,70m.*

*A superficie do vial é de formigón.*

*Encontrándose delimitada por vivendas e peches tradicionais de pedra.*

### **3.- REALIZACIÓN DE RECORRIDO DAS RUTAS EN VEHÍCULO.**

*a.-Realizase recorrido de cada unha das rutas en camión contra incendios Nissan Navara con matricula XXX*

**FICHA TECNICA:**

*Características técnicas: Altura total: 2,22m*

*Anchura total: 1,85m*

Vía anterior/posterior: 1,67/1,57 Lonxitude total: 5,22m

Distancia entre eixes: 3,20m

*b.-Realízase recorrido de rutas 2 e 3 en furgón adaptado marca Citroen Jumper matrícula XXX. Non se realiza a ruta 1 por non poder facelo en condicións de seguridade.*

#### FICHA TECNICA:

*Características técnicas: Altura total: 2,52m Anchura total:2,05m Vía anterior/posterior: 1,81/1,79m Lonxitude total: 5,41m.*

*Distancia entre eixes: 3,45m.*

#### 4.- MANTEMENTO DOS VIAIS E NÚCLEOS DO CONCELLO DE LOUSAME

*O Concello de Lousame conta con 83 núcleos nos que se realizan continuos traballos de mellara dos mesmos. Ademais no caso particular do núcleo de Cemande realizouse unha renovación completa do pavimento realizada en formigón e retirada de elementos que dificultaban o tránsito coma postes e pequenos muros, que se corresponderían ca ruta 3.*

*No mantemento ordinario do 2021 realizáronse 2 limpeza integrais dos viais do núcleo.*

#### 5.- CONCLUSIÓNS:

*5.1.-Este Concello está en tramites cos titulares particulares para a mellora dos accesos o núcleo en concreto ca eliminación do punto de estreitamento da ruta 3 o 3.3.5. e retirada de obstáculos do punto 3.3.1 durante a anualidade 2022.*

*5.2.-Iniciaranse en breve os trámites cos titulares particulares para a mellara do acceso o núcleo pola ruta 2 para eliminación do punto de estreitamento 3.2.3*

*5.3.-Na ruta 1 tivéronse en diversas ocasións reunións cos propietarios das parcelas e muros que están neste recorrido. Encontrándonos ca negativa de facilitar a ampliación da mesma. Polo que teremos que declaralo de interés público e iniciar un procedemento de expropiación forzosa para o que contamos cunha empresa externa para inicio deste procedemento.*

*Dende esta administración non hai ningunha animadversión nin causa para prexudicar a esta veciña.*

*5.4.- Este concello rural conta, na moiaría dos núcleos, con muros e casas tradicionais que dificultan o tránsito de vehículos nos que se traballa para a eliminación dos mesmos. É interese desta administración a mellora dos núcleos do Concello de Lousame dentro das posibilidades desta entidade, procedendo a dar os servizos necesarios á poboación.*

**SEGUNDO.**- Avaluada a información recibida, e tendo en conta que a administración municipal estaba a impulsar as correspondentes actuacións nas tres rutas de acceso ao núcleo de XXX (Ruta 1: xa conta cunha empresa externa para iniciar procedemento de expropiación forzosa; Ruta 2: iniciación en breve dos trámites cos particulares para a eliminación do punto máis estreito; Ruta 3: a retirada de obstáculos e eliminación do punto de estreitamento durante este ano) e respectando a competencia municipal, procedeuse á conclusión do expediente N.9.Q/10611/21.

**TERCEIRO.**- Con posterioridade a esta conclusión, a reclamante presenta un novo escrito que da lugar ao inicio do expediente N.9.Q/11621/23.

No seu novo escrito de queixa, a reclamante, esencialmente, pon de manifesto que:

*Fai máis dun ano que me puxen en contacto con vostedes para solicitar axuda para que o Concello de Lousame valorara a ampliación do acceso á miña casa, e eles mandáronvos un correo con varios tipos de opcións que ían a levar a cabo. Sei que os papeis para expropiar non chegaron a ningún lado. Fixeron caso omiso de todo o que eles vos presentaron. É a terceira vez que rasco o coche . Agora mesmo o camiño parece unha selva, e si xa é estreito coas silvas e herbas que saen do muro fáise peor.*

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información a ese Concello que nos remitiu informe elaborado polo arquitecto técnico municipal.

No informe achegado pola Administración, esencialmente sinálase o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

*1.- XXX indica que o acceso rodado á súa vivenda é moi estreito e sen mantemento polo que pide solución ó problema do acceso o que inicia o expediente N.9.Q/10622/21.*

*2.- O concello resposta cun informe con fotografías sobre as condicións do acceso indicando e as posibles actuacións para mellorar o acceso á vivenda.*

*3.- En data 27 de xuño de 2023, a petición da alcaldesa, despraceime ó lugar de XXX para examinar se existe acceso suficiente á vivenda número XXX, polo anterior **INFORMO**:*

*3.a.- A vivenda pódese acceder por tres viais interiores do núcleo.*

*3.b.- O acceso dende o sur ten un ancho mínimo de 2,50 metros (ampliábelos ata os 2,80 metros de xeito sinxelo igualando a altura dunha pedra elevada 10 cm sobre a rasante do vial) polo que **o acceso rodado á vivenda é suficiente na actualidade** sendo posible unha pequena mellora actuando sobre ese elemento de pedra no que está asentado un cuberto do mesmo propietario que a da vivenda número XXX, situada na primeira fotografía entre o inicio do metro e a fachada.*

*3.c.- Visto o anterior e tendo en conta que para chegar cunha ambulancia ata o portal de acceso á casa vai depender das condicións ambientais (noite, choiva, etc,...) e da pericia de quen manexe a ambulancia (ou calquera outro vehículo co que se pretenda acceder) indico o seguinte:*

*3.c.1.- A vivenda número XXX de XXX está asentada sobre a finca catastral XXX.*

*3.c.2.- O acceso máis amplo ata finca onde se asenta a casa XXX é o marcado en cor amarela, aínda que, na actualidade para acceder se serven a través da finca estremeira, do mesmo propietario (ramal marcado en cor verde).*

*3.c.3.- Se precisan facer un novo acceso máis amplo que o actual é viable facelo dende a vía pública ata a vivenda a través da súa propia finca. Sería unha elección dos propietarios, só quería indicar que urbanísticamente é factible.*

Por todo o anterior, deixo indicado que **o acceso rodado á vivenda é suficiente na actualidade.**

**CUARTO.-** Con data 11 de xullo de 2023, recíbese nesta institución un novo escrito presentado pola reclamante no que, esencialmente, pon de manifesto que *fixeron meter unha ambulancia polo camiño e só dicir que é certo que entrou, pero levoulle o seu tempo para non rascar a ambulancia, e se fora unha urxencia non chegaban a tempo, e outra cousa que o chico meteuse porque llo pediu a alcaldesa, porque os traballadores da ambulancia non se atreven a meterse.*

Á vista do contido do escrito de queixa e da información remitida por esa Administración, cómpre facer as seguintes

#### **CONSIDERACIÓNS**

1º- O problema plantexado no escrito de queixa presentado pola reclamante, non só se refire á falta de roza e limpeza dun camiño que fai inaccesible o acceso rodado á súa vivenda senón tamén as dificultades que teñen as ambulancias para acceder en caso de emerxencia.

2º.- A tal efecto, hai que ter en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25 establece que:

*1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.*

*2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade*

O artigo 26 do mesmo texto legal establece tamén que:

*1. Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

*a) En tódolos Municipios: alumbrado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

3º.- Os camiños son definidos e considerados como bens de dominio e uso público de titularidade municipal cos efectos que conleva inherentes (artigos 3.1 y 70 a 72 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986; e 82 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local). Non é hoxe posible negar a titularidade e competencia municipal na defensa dos camiños e a súa conservación, debendo ter en conta tamén que a xurisprudencia recaída case sempre reafirma a posibilidade de remover cantos obstáculos se interpoñan ao seu uso.

Se ben a conservación e mantemento dos camiños públicos corresponden aos concellos, as normas non establecen que teñan que estar asfaltados, senón que deben permitir o acceso rodado de vehículos.

4º.- Neste caso concreto debemos ter en conta:

1º.- O motivo da queixa presentada pola reclamante que deu lugar á apertura do expediente N.9.Q/11611/23, xa fora plantexado no ano 2021, abríndose o expediente N.9.Q/10622/21.

2º.- Respecto do primeiro expediente, N.9.Q/10622/21, avalíase a información recibida, e tendo en conta que a administración municipal estaba a impulsar as correspondentes actuacións nas tres rutas de acceso ao núcleo de e respectando a competencia municipal, procedeuse á conclusión do expediente.

3º.- No ano 2023 a mesma reclamante presenta un novo escrito de queixa no que pon de manifesto que:

*Fai máis dun ano que me puxen en contacto con vostedes para solicitar axuda para que o Concello de Lousame valorara a ampliación do acceso á miña casa, e eles mandáronvos un correo con varios tipos de opcións que ían a levar a cabo. Sei que os papeis para expropiar non chegaron a ningún lado. Fixeron caso omiso de todo o que eles vos presentaron. É a terceira vez que rasco o coche. Agora mesmo o camiño parece unha selva, e si xa é estreito coas silvas e herbas que saen do muro faise peor.*

4º.- Tendo en conta todo o exposto, cómpre destacar

- Que, segundo a primeira información remitida polo concello no expediente N.9.Q/10622/21, a administración municipal estaba a impulsar as correspondentes actuacións nas tres rutas de acceso ao núcleo de XXX:
  - Ruta 1: xa conta cunha empresa externa para iniciar procedemento de expropiación forzosa.
  - Ruta 2: iniciación en breve dos trámites cos particulares para a eliminación do punto máis estreito.
  - Ruta 3: a retirada de obstáculos e eliminación do punto de estreitamento durante este ano .
- Que segundo a información remitida polo concello no expediente N.9.Q/11611/23 o arquitecto considera que se precisa facer un novo acceso mais amplo que o actual, é viable e urbanísticamente é factible.

Por todo o exposto ata agora, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Lei do Valedor do Pobo, é preciso facer chegar a ese Concello de Lousame a seguinte

### **SUXESTIÓN**

Que por parte do concello se leven a cabo as obras necesarias no camiño que dá acceso á vivenda da reclamante para garantir o acceso rodado de todos os vehículos e a súa adecuada conservación.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo